

**NOME:** Teatro do Amor

**REFERENCIA:** 0010

**NÚMERO PARTICIPANTES:** 18

**IDADES:** 12 e +

### ESPAZO

Espazo escénico

### MATERIAIS

Ningún

### DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos:

2´ introdución

2´ rolda 1

3´ rolda 2

4´ rolda 3

4´ peche

### **O GALEGO CAMPA!**

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

[www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

## DESCRIPCIÓN

Exercicios de desinhibición propios da animación ao teatro con tres compoñentes: presenza en palco, palabras de amor e falar en galego.

Os participantes sentan en semicírculo e consecutivamente van saíndo a escena a dicir as frases. Dá para reflexión e comentario positivo logo de cada rolda de intervencións, ben entre o grupo ou por parte da educadora.

Os exercicios son progresivos: entrar en escena e dicir unha palabra, entrar en escena e dicir unha frase, entrar en escena e dicir dúas frases... Cada frase debe ser máis complexa, máis profunda e máis rica en léxico (ver embaixo un par de exemplos de cada).

Como colofón, regueifa de piropos: dúas fileiras enfrontadas e os primeiros de cada unha van dicíndose piropos mutuamente. No momento en que unha non saiba responder, repita o que xa se dixo, non soe a piropo ou non sexa en galego, esa persoa retírase ao final da fila e pasa á fronte a que estaba detrás. Así sucesivamente.

## CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite afrontar a vergoña de saír ao palco e falar.

Permite afrontar a vergoña de falar de amor e de sentimentos na adolescencia.

Permite afrontar a vergoña para algúns de falar en galego en determinados ámbitos. Nesta liña pretende introducir frases que os adolescentes poidan utilizar -aínda que sexa de broma- nos seus cortexos...

### **O GALEGO CAMPA!**

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

[www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

## PRETEXTO CONTEXTO

“Os estudosos afirman que para que unha lingua estea viva, ten que dedicarse ao amor. As linguas vivas son as linguas que aman, e en que se ama. E unha lingua morre cando xa non se usa para o amor.

Non hai linguas máis válidas ca outras, hai linguas que se aman e hai linguas que non. Hai pobos que se aman, e hai pobos que non.

Os estudosos teñen sinalado que Galicia sofre de auto-odio. É dicir, que habitualmente non nos queremos nadiña. E non será que o problema de Galicia é que non usamos abondo a nosa lingua para dicir cousas bonitas?

Os estudosos afirman que as tres cousas que máis vergoña lle sdan a algúns adolescentes son: falar en público, falar de amor e falar en galego... Desas tres cousas imos tratar nestes quince minutos que temos.

Imos facer unha sesión práctica para aprender a ligar en lingua vernácula.

## MATERIAL ANEXO

1º

Ola.

Ola. Chámome...

2º

Gústasme moito

Penso que me estou apaixonando.

### **O GALEGO CAMPA!**

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

[www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

3º

Cando te vexo, sinto no estómago bolboretas a voar.

Perdoa o meu atrevemento. Es a persoa máis marabillosa que nunca coñecín.

4º

Cada vez que me miras.....